

Editan: Colectivo Nacionalista de Marín e Frente Popular Galega - xaneiro/febreiro 2012

Recortes, reforma laboral, crise, conxelación salarial, impostos.

Prima de risco, axencia de cualificación, débeda soberana, déficit orzamentario, rescate financeiro... son algúns dos termos que se foron introducindo no noso vocabulario pouco a pouco coa crise. Mais debaixo desta terminoloxía, e baseada na súa complexa comprensión, agóchase unha estratexia do capital para implementar políticas económicas e laborais coas que seguir mantendo os seus beneficios e privilexios a costa da clase traballadora.

Non vivimos por riba das nosas posibilidades como afirman os medios e os gobernos para nos facer sentir culpábeis da crise e manternos submisos ante as medidas e recortes. Máis ben todo o contrario, desde a entrada do euro o poder adquisitivo da clase traballadora non parou de baixar, así se os salarios só subiron o 15,4% a cesta da compra fixoo un 48%, a vivenda un 66%, os carburantes un 82% e os transportes entre un 45% e un 58% (dados do INE de 2011). Isto levou ás familias a un maior



endebedamento para maior negocio dos bancos e sectores coma o inmobiliario que encheron os seus petos a costa de dereitos como o da vivenda.

E son os bancos dirixindo as políticas económicas, cos seus homes de confianza nos gobernos, quen estan a tirar maior proveito da crise. Vendo premiada a súa avaricia con axudas dos estados ou prestamos do BCE a baixos xuros cos que comprar a un xuro moito maior a débeda dos propios estados e seguir tirando beneficios mentres 1400 familias foron desafiuadas na Galiza neste 2011 (dados do CGPJ até setembro).

As primeiras medidas do goberno Rajoy agravarán ainda máis a situación d@s 260.000

desempregad@s galeg@s, d@s cales o 40% non recibe ningún tipo de prestación, dos 23.900 fogares galegos sen ningún tipo de ingreso e dos 209.300 fogares só cun ingreso, moitas veces dun/dunha pensionista, (dados do IGE até setembro de 2011) ao se ver tamén privados das axudas económicas e servizos públicos polos

continuos recortes aplicados pola Xunta de Feijoo.

Frente a un sistema humana e ecoloxicamente insostíbel, onde priman máis os beneficios duns poucos que os dereitos do resto e que nos condena a ser os novos escravos do século XXI existe outra alternativa para sairmos da crise que pasa por derrubar este sistema e construír outro baseado na xustiza social, na solidariedade entre os pobos e a plena igualdade das persoas. Unha alternativa que exixe o esforzo, unión, e continua mobilización de toda a clase traballadora, e que tarde ou cedo tod@s teremos que asumir. De nós depende, é hora pois de loitar polo noso futuro!!!!

Charla coloquio

Os recortes na sanidade e os servizos sociais

Xoves 2 de febreiro ás 20 h. na Biblioteca de Marín

Organizan: Colectivo Nacionalista de Marín e Frente Popular Galega

Intervirán:

Xiana López
Traballadora
Social
Diego Leal
Oficina de
Dereitos Sociais

Conxelación Salarial, aumento do IRPF, Reposición CERO de funcionarios/as, Reforma Laboral

O Partido Popular carga o peso da crise no Pobo

As primeiras medidas do PP son un duro recorte salarial para traballadores/as e pensionistas. Esta son as medidas tomadas por un goberno cheo de representantes da banca, da industria do armamento, inmobiliarias e petroleiras. Un goberno para xestionar o desmantelamento do sector público.

A metade dos pensionistas perderán poder adquisitivo pese ao aumento do 1% das súas pensións. Co incremento do IRPF a todas as rendas o PP fainos pagar aos traballadores e pensionistas unha crise que non provocamos, e que serve de coartada para rematar co “raquíntico estado do benestar” que tiñamos no estado español.

O anuncio do incremento do IRPF non vai afectar praticamente os máis ricos. Só un 4% de persoas que fan a declaración da renda supera os 60.000€. E a maioría das grandes fortunas escapan ao IRPF

A conxelación salarial dos funcionarios vén sumarse ao recorte efectuado polo anterior goberno, o que supón unha perda permanente de poder adquisitivo. A isto hai que sumarlle unha tasa de reposición CERO de traballadores/as nas administracións públicas, o que leva a perda constante de postos de traballo e a un deterioro programado dos

servizos públicos. É a coartada necesaria para xustificar futuras privatizacións ou a introdución de traballo temporal por medio de ETT's.

A futura reforma laboral coa que nos ameaza o PP, cando o anterior goberno do PSOE xa fixo unha, o único que vai provocar e máis precariedade e volver a unhas relacóns laborais propias do século XIX. Máis despidos, menos conflictividade, máis represión, máis horas de traballo, menos baixas por enfermidade...

O 80% da recadación prevista pola suba do IRPF recaerá en pensionistas e traballadores

A asociación de Técnicos do Ministerio de Facenda propón outras medidas para aumentar a recadación sen ter que aumentar a presión fiscal aos que menos teñen.

Subir os impostos nun 5% ás grandes empresas permitiría recadar tanto como os primeiros axustes do goberno de Rajoy.

Pasando o imposto de sociedades dun 30% a un 35% ás grandes empresas, as que facturan máis de 45 millóns e que teñen beneficios superiores ao millón de euros, permitiría recadar case tanto como o que recortou o goberno do PP coas súas primeiras medidas: case 14.000 millóns de euros.

Reducir a economía sumerxida en dez puntos permitiría recadar 38.500 millóns de euros.



Desmantelando o sector público

Políticos e empresarios, desde os seus medios de comunicación aproveitan a crise e repiten constantemente que o sistema sanitario non é sostíbel e hai que privatizalo. Outra das ideas que repiten constantemente é que "o público non é eficaz". O que non din é que o estado español gasta menos que a media europea en sanidade.

Están deteriorando intencionadamente os servizos públicos reducindo persoal e reducindo a financiación para facer inviábel a súa continuidade. O gasto sanitario en Galiza reducíuse un 10% nos últimos dous anos. Trátase dunha campaña de desprestixio para xustificar o saqueo do sector público en beneficio da banca, construtoras e aseguradoras privadas.

Introducíuse masivamente a precariedade entre o persoal público, fundamentalmente no interino, non cubrindo baixas nin vacacións. Reducíronse os salarios

e é continua a ameaza de novas reducións.

Na Sanidade elimináronse camas de hospitais públicos ao tempo que se facían concertos con hospitais privados.

No Ensino houbo un incremento do horario e unha redución no profesorado o que leva á masificación nas aulas.

Nos Servizos Sociais a redución pode deixar sen atención a drogodependentes, mulleres maltratadas, persoas sen teito, dependentes, etc.

Esta estratexia véñese facendo desde fai tempo



e por parte de gobernos de distintas cores políticas. Para facilitar a privatización da sanidade aprobaron a Lei de "Nuevas Formas de Gestión" 15/97, abrindo a sanidade a calquera entidade xurídica admitida en dereito. Foi aprobada por PSOE, PP, CIU, PNV e CC.

Así, os distintos gobernos que pasaron pola Xunta xa privatizaron no Sergas: Arquivos de historias clínicas, limpeza, cociñas, mantemento, lavandería,

seguridade,...

E agora comezan con servizos sanitarios como radioloxía ou diálese, obligando a un maior desprazamento dos pacientes.

Pretenden que o sector privado se quede coa parte da sanidade que é lucrativa, reducindo o resto a uha beneficiencia asistencial para as persoas que non teñan posibilidades de pagar unha asistencia privada.

A Xunta deixa fóra da Rede Natura os Montes do Morrazo

A Xunta de Galiza fixo unha proposta de ampliación da Rede Natura 2000, pola Consellaría do Medio Rual, deixando fóra os Montes do Morrazo. Unha zona que cumpre as características para ser incluída nesa zona de protección.

Desta forma ampliaríase o recoñecemento que fan as normas subsidiarias provinciais deste espazo.

Esta exclusión ten como fondo os distintos proxectos de parques industriais en Ma-

rín e Moaña, e a instalación dun parque eólico na zona de Pedras Negras, o que ocasionaría unha desfeita ambiental e hipotecaría unha zona de esparcemento que iría desde a Lagoa de Castiñeiras até o Carballal de Coiro.

O goberno municipal do PP pretende privatizar o servizo de Xardíns no Concello de Marín

A pretensión do goberno local de privatizar o servizo de xardíns do Concello non vai supoñer unha mellora dos coidados dos parques e xardíns que temos. Como xa aconteceu coa recollida do lixo só podemos esperar un deterioro do servizo e un maior gasto, que confiamos non nos cobren nun futuro próximo

É un feito que se repite, goberne quen goberne Marín. Se na lexislatura pasada era o duo BNG-PSOE o que pretendía privatizar a limpeza viaria, agora é o Partido Popular o que vai sacar a concurso o servizo de xardíns por un montante de 90,000 euros anuais, empregando o mesmo sistema de contratar a unha empresa que teña un 70% de persoas con discapacidade. Estamos ante a aplicación do modelo neoliberal que pretende poñer en venda todos os servizos que prestan as administracións públicas: sanidade, servizos sociais, limpeza, etc.

O PP pretende pagarlle a unha empresa 90,000€, pero nós preguntámonos: Canto custa actualmente o servizo prestado por traballadores/as do concello? Onde os van recolocar?

No programa de goberno que o PP presentou nas últimas eleccións municipais non falaba nada de privatizar ningún servizo. Só falaba xenericamente de mellorar a súa xestión e o seu custo, cousa que non se vai acadar mediante o uso dunha empresa.

Resultan chocantes as coincidencias entre a anterior tenente de alcalde do BNG, Pilar Blanco, e a actual alcaldesa e anterior opositora á hora de levar adiante políticas similares. Igual que resulta chocante

o silencio complice dunha oposición que se manifesta contra a privatización da sanidade en Pontevedra mentres en Marín mira para outro lado.

Xa temos o precedente da xestión privada da recadación de multas ou da recollida do lixo. No primeiro caso a mellora para as persoas que son multadas está en ter que ir a Pontevedra e pagar as multas nas oficinas dunha empresa privada.

En canto á recollida de lixo levamos anos manifestando o noso malestar e as nosas queixas pola deficiencia do servizo. Os contenedores do lixo non se limpan segundo os prazos marcados no contrato coa empresa, pola deixadez do concello, o que provoca que no verán teñan un aspecto lamentábel e despidan un fedor insoportábel.

As administracións públicas están para servir os cidadáns e mellorar as súas condicións de vida, non ao servizo de grandes empresas que se lucran das privatizacións de servizos públicos. Os distintos partidos que pasaron polo goberno do concello de Marín caracterízronse, independentemente da denominación ideolóxica que se deran, por practicar unha política neoliberal sen contar coa opinión dos veciños e veciñas.



Solución para a Factoría Naval

A Factoría Naval de Marín agoniza ante a incapacidade da Consellaría de Industria de asumir a súa responsabilidade e actuar decididamente para garantir a existencia da empresa e dos postos de traballo. Unha nova empresa do sector naval que afunde pola mala xestión dos seus propietarios, para que despois falen da eficacia da xestión do sector privado.

Para que serven as competencias que o estatuto de autonomía lle outorga á Xunta? Xa vai sendo hora de que as administracións fagan algo, ademáis de declaracións pomposas, pola defensa dos postos de traballo. Demandamos unha intervención máis directa e que a Xunta, na medida en que pon cartos, se faga cargo da propiedade e da xestión compartida cos traballadores da Factoría Naval como única alternativa viábel.